

AUTORIZACIÓN PATERNA E EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE

Eu, (nome do representante legal do menor) **AUTORIZO**
ao meu fillo/a a desprazarse á cidade de
ARANDA DEL DUERO co fin de asistir á realización dun concerto no XXI Certamen Internacional
de Bandas de Música "Villa de Aranda" 2022 continuando posteriormente a viaxe a Madrid
(Parque Aquopolis e Parque Warner) , **outorgando ao persoal responsable da**
Asociación Cultural Unión Musical de Meaño as miñas prerrogativas paternas con
respecto ao meu fillo/a en todo o concenrente ao programa establecido, como son: viaxes,
estancia en hoteis, actividades culturais e deportivas, excursións, etc., eximindo á Asociación
Cultural Unión Musical de Meaño así como as persoas da directiva responsables da viaxe de toda
responsabilidade moral e legal, por incumprimento das Normas de convivencia establecidas no
devandito viaxe, ou de calquera outro asunto relacionado co mesmo, por parte do meu fillo/a.
Comprendo e acepto os riscos de viaxar. Autorizo á Asociación Cultural Unión Musical de Meaño
e aos seus representantes a actuar en caso de emerxencia, accidente, enfermidade ou lesión
relativa ao meu/miña fillo/a.

Garantizo que non hai nada no historial médico do/a meu/miña fillo/a que lle impida participar
na viaxe.

Autorizo á Asociación Cultural Unión Musical de Meaño e aos seus representantes que en caso
de enfermidade e /ou lesión do/a meu/miña fillo/a poida ser tratado e examinado nun centro
médico axeitado para que se lle realicen os estudos e as probas necesarias polos facultativos e
nas instalación que se indiquen, así como intervencións quirúrxicas de urxencia, no caso de non
poder ser localizado.

Enterado e conforme :

Data:

Asdo.: Representante legal do menor (pai, nai, titor)

NORMAS DE CONVIVENCIA

- Todos os músicos asistentes á viaxe deberán seguir as indicacións impartidas polos adultos responsables da viaxe.
- En ningún momento da viaxe os músicos poden separarse do grupo, a menos que sexa unha situación especial e con autorización dalgún dos adultos responsables a cargo.
- O consumo ou compra de bebidas alcohólicas, marihuana e outras drogas está prohibido aos músicos menores de idade. Calquera transgresión a esta norma, é considerada unha falta moi grave. Os responsables da viaxe valorarán a situación e tomarán as medidas

que estimen máis oportunas, sendo o primeiro paso á comunicación da situación aos pais do menor.

- Cada músico é responsable dos seus artigos de valor, teléfonos móbiles, cámaras, carteiras, ...
- Fronte a situacións que necesiten asistencia médica, os músicos deberán asumir as decisións que tomen os responsables da viaxe a cargo. Cabe sinalar que cada alumno conta cun seguro de asistencia médica en viaxe xestionada pola axencia que organiza a viaxe. Fronte a unha situación complexa de saúde de un ou varios músicos, os responsables da viaxe a cargo poderán facer modificacións do itinerario, para facilitar procedementos de forza maior. Todo o grupo debe entender que é unha situación de forza maior.
- Buses. Como medida de autocuidado é imprescindible cumprir as normas do tránsito e as establecidas polas empresas que se relacionan coa nosa viaxe. Considerarase falta, actos que molesten ou perxudiquen a terceiros. O uso do cinto de seguridade será obrigatorio en todo momento. Aínda que os adultos lembrarán permanentemente esta norma, o seu cumprimento será responsabilidade exclusiva de cada músico. Antes de desprazarse nun medio de transporte, os adultos a cargo pasarán lista para verificar que todos os músicos estén presentes. Todos os traxectos en bus, deben ser realizados co grupo.
- Hoteis e habitacións: É importante respetar as normas establecidas para os hóspedes nos diferentes lugares onde nos aloxemos, entre as cales está respetar horarios de silencio, non fumar e, devolver as habitacións e infraestrutura igual a como as recibiron, entre outros non se permite o ingreso de ningunha persoa allea ao grupo ás habitacións, como tampouco o ingreso de músicos a habitacións doutros hóspedes dos hoteis. Así mesmo, deberanse respetar os horarios de descanso definidos polos responsables permanecendo dentro das súas respectivas habitacións.
Os grupos de cada habitación serán definidos por membros da directiva.
- Está prohibido fumar durante a viaxe naqueles lugares nos que as leis así o especifiquen. Igualmente, non se poderá fumar nas instalacións dos hoteis.
- Vandalismo: Calquera acto de vandalismo en propiedades privadas ou lugares públicos é ilegal. O participante correrá con todos os gastos de reparación ou substitución que se xeren por rotura ou destrozo por actos de vandalismo.

Enterado e conforme :

Asdo.: Representante legal do menor (pai, nai, titor)